

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA REALIZADA POLAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES EN DATA 17 DE NOVEMBRO DE 2022

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP presentado por escrito

“1ª.- Nos últimos días vimos como o alcalde de Cambre solicitou publicamente que os gastos do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) se poidan repercutir nos Fondos Europeos; manifestando ademais que xa recibíu resposta por parte dos representantes dalgunhas administracións e moitos deles xa amosaron a súa conformidade con respecto desta reivindicación.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se interese do alcalde de Cambre que informe sobre que administracións amosaron a súa conformidade coa proposta do Sr. alcalde e cales non.”

O Sr. alcalde contesta dicindo que a conformidade todas, por que quen vai a dicir que non está de acordo que o IVE sexa subvencionado e aforrar o IVE nun concello ou deputación; que remitíuse esta proposta a 34 concellos, así como a FEMP, que está a traballar co goberno nesta proposta.

“O último venres deste mes de novembro celebrábase o coñecido como black Friday, ou venres negro, que nos últimos anos se está a converter nun dos días de maiores vendas do ano, o que o converte nun grande trampolín para a dinamización do comercio; tamén do pequeno e mediano comercio do noso municipio.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico:

2ª.- Que medidas se preveron dende a súa concellería para axudar a noso pequeno e mediano comercio para esta campaña de venres negro?”

“3ª.- En caso de ser afirmativa, en que consisten as citadas medidas?”

“4ª.- Cal é o orzamento e partidas habilitadas dende a súa concellería para a citada campaña?”

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei quen, unha vez concedido, di que neste caso coincide dende a súa Área de Desenvolvemento Socioeconómico coa campaña comercial black friday; dende a súa concellería dotan para este tipo de campañas a convocatoria pública de subvencións municipais, para ter máis liberdade e axilidade, porque son os comerciantes os que poden conseguir máis rédito, son os propios comercios os que teñen que ter as iniciativas, tales como black friday, samaín,

calquera evento, etc; que a concellería céntrase máis en eventos máis amplos, tales como dinamización do nadal, feiras.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Garcia Hidalgo quen, unha vez concedido, di que quere facer un rogo oral, quere facer unha pregunta sobre o acceso á información; que á hora de ver a documentación nos ordenadores do salón de sesións sobre o PXOM, eles non son técnicos e é un documento moi complexo; que na Xunta de Voceiros, se lles dixo que se ía a por a súa disposición a un técnico, a un funcionario do concello para preguntarlle; que eles non teñen os coñecementos suficientes e non saben que preguntar, polo que e a pregunta se poden vir acompañados dun técnico elixido por eles.

O Sr. alcalde intervén e di que si; soamente teñen que comunicar o día e a hora que virán.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP presentados por escrito

“1º.- Nos últimos días, os veciños do Temple están vendo como os farois existentes na citada parroquia están sendo substituídas por outras provistas de luces led. Substitución que, segundo nos refiren, se está levando de xeito atropelado e desordenado ata o punto de que moitas das luminarias recién instaladas o están sendo de xeito ostensiblemente inclinadas, tal como se advirte nas fotografías que se achegan, recollidas na rúa Ramón Cabanillas.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese que o concelleiro competente adopte as medidas necesarias para que se instalen correctamente os novos farois que están sendo instalados no Temple”.

O Sr. alcalde intervén e di que as seis preguntas corresponden á concelleira Sra. Pestonit Barreiros, quen lle remitíu unhas pequenas contestacións para comunicar no día de hoxe, sen prexuízo de que as conteste por escrito; di que respecto deste rogo, non se cambiaron os báculos, soamente as luminarias.

“2º.- No pasado mércores 9 de novembro, como xa foi posto de manifesto por este grupo municipal na última Xunta de Voceiros, ocorreu un novo apagón na parroquia do Temple, afectando fundamentalmente ao parque Ramón Barba e todas as rúas da súa contorna, tal como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Apagón que, lamentablemente non é o primeiro que se produce no lugar e parece que se está a converter nun costume nos últimos meses. Apagón cuxas causas non se poden deber nesta ocasión, aos problemas derivados das chuvias (como lles refiríu a concelleira competente o pasado mes de outubro, a solicitude deste grupo municipal Popular); xa que o pasado mércores a chuvia non fixo acto da presenza para provocar ningún apagón.

Apagón que volve a xerar inquietude entre os veciños e inseguridade entre os usuarios e visitantes da hostalería e do comercio do Temple, cuxas rúas volveron quedar a escuras, cos evidentes problemas de inseguridade que isto ocasiona.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interesa que a concelleira competente, e tras dar as oportunas explicacións sobre o particular, adopte as medidas oportunas para evitara que se volvan a producir os apagóns que se están a reiterar nos últimos meses no Temple”.

O Sr. alcalde contesta dicindo que despois das obras quedou un cable mordido o cal facía saltar o cadro eléctrico e que xa está amañado.

“3º.- Unha vez máis, os veciños do Temple en xeral e os usuarios da Nacional VI en particular, levan sufrindo unha vez máis, varias semanas os apagóns dos farois que iluminan a calzada de tan importante vía, ao seu paso pola cambresa parroquia do Temple, a de maior poboación e volume de tráfico rodado do noso municipio.

Problema que xa foi evidenciado polo grupo municipal Popular noutras sesións municipais pero agravado se, como xa advertiron noutras ocasións, os vehículos que entran dende o veciño municipio de Oleiros, contan coas luminarias en perfecto estado de funcionamento e unha vía suficientemente iluminada por farois con luz led, que unha vez entran en Cambre, non funcionan, deixando a escuras os condutores, co evidente perigo que isto supón para a seguridade vial; tal como se observa nas fotografías que se achegan.

Así mesmo, resulta de todo sorprendente a contestación escrita ofrecida pola concelleira de Servizos ao rogo que sobre o particular presentou este grupo no último pleno ordinario, conforme a cal: ‘Non temos contestación a día de hoxe do escrito presentado por este grupo, que foi remitido a Fomento. Dende o Concello de Cambre descoñecen o porqué da tardanza na resposta’.

O grupo municipal Popular non sabe que é peor, se a falta de contestación e actuación de Fomento ou o descoñecemento e deixadez por parte do concello en que este problema se resolva. Mentres tanto, unha vez máis os nosos veciños e os usuarios da Nacional VI, continúan a sufrir os prexuízos derivados da desidia e deixadez do goberno central e do goberno de Cambre.

De aí que, dende o grupo municipal Popular, se reitere do concelleiro competente que realice as xestións necesarias para que, á maior brevidade posible, se resolvan co Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Estradas os problemas de insuficiente ou nula iluminación por apagón dos farois existentes na Nacional VI ao seu paso polo Temple, que seguen persistindo dende hai meses”.

O Sr. alcalde di que Fomento non contestou por escrito; que o Sr. González Leirós estivo a falar sobre este asunto con persoal de Fomento.

O Sr. alcalde concede o uso ao Sr. González Leirós quen di que lle comunicaron que tiñan un problema e estaban a buscar cal era o punto que motivaba o salto.

O Sr. alcalde di que continuarán insistindo a este respecto e di que acepta o rogo.

“4º.- Veciños de Pravio demandan a mellora do parque infantil e biosaúdable existente na parroquia. Tal como se observa nas fotografías que se achegan, os elementos existentes se encontran en mal estado, as papeleiras non se baleiran con asiduidade, os desaugadoiros están obstruídos, a falta de roza é evidente e a ausencia dunha axeitada corta das árbores que están nas súas proximidades, fan perigosa a súa utilización polos usuarios.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese que polos concelleiros competentes se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos no parque infantil e biosaúdable existente na parroquia de Pravio.”

O Sr. alcalde di que acepta o rogo.

“5º.- Veciños da urbanización Os Castros do Bosque, en Cecebre, reclaman a mellora e limpeza da ponte da autoestrada que discorre sobre a AC-221 nas proximidades da citada urbanización.

Tal como se observa nas fotografías que se achegan, a maleza invade e rebosa a citada ponte cos problemas que isto pode estar ocasionando na estrutura da ponte, ademais do perigo de seguridade vial que pode supoñer a caída da citada vexetación á vía pública.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se solicite da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos na citada ponte”.

O Sr. alcalde di que acepta o rogo.

“6º.- Un exemplo máis da caótica campaña de limpeza e roza das nosas rúas, camiños e lugares públicos, a temos nas sendas peonís existentes nas marxes da Nacional 550, ao seu paso polo lugar de Altamira, onde, tal como se observa nas fotografías que se achegan, se invaden os espazos peonís, mesmo os existentes nas marquesiñas do autobús.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se interese da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para a axeitada roza e limpeza do citado espazo”.

O Sr. alcalde contesta dicindo que con data do día 8 de novembro se solicitou a Fomento que rozasen as beirarrúas e, ademais, se lle solicitou que retirasen un sinal de stop, que estaba caído.

Preguntas do PP presentadas por escrito

“Nos últimos meses, veciños e usuarios do Paseo Marítimo do Temple, apreciamos o deterioro das palmeiras existentes nos xardíns con céspede e flores do último tramo, no límite co Concello de Oleiros. Especies sobre cuxo estado xa preguntaron en anteriores ocasións, á vista de poder encontrarse afectadas polo bicudo vermello ou calquera outra praga que menoscaba a súa fisonomía, tal como se aprecia nas fotografías que se achegan.

Por se fora pouco, nos últimos días, se substituíu algunha das exemplares existentes no citado lugar, tal como se aprecia na fotografía que se achega, razón pola cal, dende o grupo municipal Popular se pregunta:

‘1ª.- Que mal está a afectar ás palmeiras existentes no Paseo Marítimo do Temple?.’

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceiro Quiñoy, quen di que as palmeiras están afectadas por unha praga de bicudo vermello.

‘2ª.- Existe algún estudo ao respecto?.’

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceiro Quiñoy, quen di que hai un estudo ao respecto.

‘3ª.- Cal foi o motivo da substitución dalgunha das exemplares existentes no citado lugar?.’

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Parceiro Quiñoy, quen di que o motivo da substitución foi que o seu estado facía imposible recuperalas.

“Veciños da urbanización da Barcala amosánnos unha vez máis as súas queixas polos problemas de aparcamento existentes na urbanización. Máis aínda a primeira semana do mes de novembro, na que moitos deles foron multados por non dispoñer da acreditación do tempo de aparcamento en zonas de estacionamento limitado. Sobre todo, tendo en conta que, segundo refiren, moitas prazas de aparcamento están sendo ocupadas por vehículos que se encontran estacionados sen moverse do mesmo lugar durante meses na vía pública, dificultando ou impedindo o estacionamento do resto de vehículos.

De aí que, dende o grupo municipal Popular se pregunte á concelleira competente:

4ª.- Que criterios se están tendo en conta á hora de controlar o estacionamento limitado no noso concello, sobre todo, na urbanización da Barcala?.

5ª.- É consciente o concello, tal como manifestan veciños da Barcala, da existencia de vehículos que se encontran estacionados na vía pública durante meses sen moverse do lugar no que están aparcados?.

6ª.- Cantas multas e por que importe para as nosas arcas supuxeron, en cada un dos últimos catro exercicios, as sancións impostas por incumprir as obrigas derivadas do estacionamento regulado?.

O Sr. alcalde contesta dicindo que no mes de setembro de 2021 a policía local puxo en marcha unha campaña de control da zona azul e a continuación le un informe da policía local ao respecto.

Preguntas do PP presentadas por escrito

- “O pasado mes de outubro, coincidindo co día das bibliotecas, o Concello de Cambre puxo en marcha un proxecto piloto de *'bookcrossing'* a través da colaboración entre as concellerías de Desenvolvemento Asociativo e de Cultura. Para o desenvolvemento desta actividade, consistente en deixar libros en lugares públicos para que calquera lector os poida recoller, ler e devolver para que volvan circular, para o cal se habilitou unha caseta de madeira no Parque da Igrexa de Cambre. Transcorrido o primeiro mes do citado proxecto, dende o grupo municipal Popular se pregunta á concelleira competente:

1ª.- Cal é o resultado da citada iniciativa?.

2ª.- Vaise estender o citado proxecto a outros lugares do noso municipio?.”

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Matos quen di que a valoración en principio é positiva; que respecto da segunda pregunta, a implantación deste proxecto piloto é para continuar con el e levalo a outras parroquias.

- “3ª.- Con independencia desta iniciativa, estudouse a viabilidade de establecer unha biblioteca móbil que visite as distintas parroquias do noso municipio?.”

O Sr. Mallo Castro di que consultado o servizo de bibliotecas, nestes momentos non hai unha demanda real deste servizo, polo que, non se prevé a curto prazo a súa implantación.